

# Outubro



## Contos de medo que deixan durmir

### A Trastenda dos Contos

**Mércores 26 de outubro**

18.00 h | Biblioteca Rego da Balsa  
Contos para aprendemos a rir de nós mesm@s e do noso medo. Un paseo ao longo da tradición mística galega cunha chea de gratas sorpresas.

**Participación:** nenos/as de 4-8 anos. É necesario recoller convite, de balde, na Biblioteca Rego da Balsa desde o 19 de outubro.

## Pequefesta do Samaín

**Sábado 29 de outubro**

17.30 h | Ludoteca Municipal



Festa infantil centrada na tradición do Samaín, con xogos, animación musical, obradoiros de maquillaxe, globofexia ou "meiguíñas", contacontos, fotocolor... E podes vir disfrazad@!

**Participación:** nenos/as de 2-6 anos. Prazas limitadas. Con recollida de convite na Biblioteca Rego da Balsa ou na Ludoteca.



vive unha tarde de medo!

**Participación:** máximo de 20 nenos/as de 6-12 anos. É necesario inscribirse previamente na Ludoteca.

## Obradoiro do Samaín

**Luns 31 de outubro**  
17.15 h  
Ludoteca Municipal

No día máis terrorífico do ano, decorárase a Ludoteca con máscaras, pantasma, cabazas, morcegos... Ven e

# Novembro



## Obradoiro de educación sensorial


**Obradoiro para nais e pais**

Raquel Bello, psicóloga familiar de Espazo Oikos

**Xoves 3 de novembro** | 18.00 h | Pazo da Cultura

Espazo de encontro para dotar as nais e os pais de coñecementos de crianza e estimulación que poidan aproveitar nas súas casas a través de xogos educativos e de estimulación axeitados, dinámicas de educación sensorial, técnicas para incentivar de maneira respectuosa o desenvolvemento psicomotor e pautas para o acompañamento respectuoso dos/as bebés.

**Participación:** pais, nais e bebés (até 12 meses). Poden participar un máximo de 12 bebés acompañados de dúas persoas adultas. **Inscripción previa no Servizo de Normalización Lingüística ou no enderezo electrónico [nelvidal@carballo.org](mailto:nelvidal@carballo.org).**



## Viaxe pola Galicia encantada

**Contacontos teatral de Trinketrinke**

**Mércores 9 de novembro** 17.00 h e 18.30 h (dúas sesións) Biblioteca Rego da Balsa

Lilí Gruyé e Fuco fan un percorrido polas nosas tradicións máis antigas: lendas asociadas a lugares maravillosos, danzas, cancións infantís e contos de tradición oral.

**Participación:** máximo 60 nenos/as de 3-8 anos en cada unha das sesións, acompañados/as dunha persoa adulta. É necesario recoller convite, de balde, na Biblioteca Rego da Balsa desde o 2 de novembro.

## O día que chegou unha nube e choveu

**Monicreques con Trompicallo**

**Xoves 10 de novembro** | 17.00 h e 18.30 h (dúas sesións) | Pazo da Cultura



Teatro para gozar cos cinco sentidos, teatro para quen descobre as cousas por primeira vez e pon o corazón en todo canto fai. Para quen está no principio da vida é este espectáculo sobre a orixe dela: a auga.

**Participación:** máximo de 30 nenos/as de 1-4 anos en cada sesión, acompañados de persoa adulta. **Inscripción no Servizo de Normalización Lingüística ou no enderezo electrónico [nelvidal@carballo.org](mailto:nelvidal@carballo.org) desde o 31 de outubro.**



## Canta e cuco

**Espectáculo músico-teatral**

**Domingo 13 de novembro**  
18.00 h  
Pazo da Cultura



## Atención temperá: importancia e servizos en Bergantiños


**Charla de Yaiza Antelo, da UDI AF Bergantiños**

**Xoves 17 de novembro**  
18.00 h  
Pazo da Cultura

Uxía e Magín Blanco pónenlle música e voz a poemas de Manuel María neste espectáculo multidisciplinar para público familiar no que, ademais de música, haberá manipulación de obxectos, monicreques e traballo actoral.

**Participación:** público familiar. É necesario recoller convite, de balde, no Pazo da Cultura, na Biblioteca Rego da Balsa ou na Ludoteca, desde o 2 de novembro.

Organiza: Concellaría de Cultura  
Colabora: Deputación da Coruña



## Viaxe a Africa

**Contacontos teatral de Trinketrinke**

**Mércores 23 de novembro**  
17.00 h e 18.30 h (dúas sesións)  
Biblioteca Rego da Balsa

A coordinadora e psicóloga da Unidade de Desenvolvemento Infantil e Apoio Familiar (UDIAF) de Bergantiños, Yaiza Antelo, explicará que é a atención temperá e a súa importancia, e dará a coñecer os servizos que se ofrecen desde esta unidade para Bergantiños.

**Participación:** pais, nais e persoas interesadas en xeral. **Confirmación de asistencia no Servizo de Normalización Lingüística ou no enderezo electrónico [nelvidal@carballo.org](mailto:nelvidal@carballo.org).**

Lilí Gruyé acaba de chegar dunha viaxe por África e achegarase á Biblioteca para contarnos e cantarnos xeitos de vida, contos e cancións deste continente.

**Participación:** máximo 60 nenos/as de 3-8 anos en cada unha das sesións, acompañados/as dunha persoa adulta. É necesario recoller convite, de balde, na Biblioteca Rego da Balsa desde o 16 de novembro.



## Pitusa Semifusa

**Concerto infantil**

**Domingo 27 de novembro**  
18.00 h | Pazo da Cultura

Ven coñecer con Pitusa Semifusa os instrumentos da gran familia da música. E cantar e bailar con ela. Coa rapaza máis cantareira que nunca houbo no mundo!

**Participación:** público familiar con nenos/as de 1-8 anos. É necesario recoller convite, de balde, na Biblioteca Rego da Balsa, Ludoteca Municipal ou Servizo de Normalización Lingüística desde o 16 de novembro.



**Coñece máis sobre o programa Apego**  
no web [www.apego.gal](http://www.apego.gal)  
ou na páxina de **Facebook Apego.gal**

### Estás a agardar un bebé? Parabéns!

Podés achegarte polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Carballo para inscribirte no proxecto **Apego** e recibir os agasallos de benvida! :-)

### Tes fillas ou fillos de ata 6 anos?

Pois tamén podés dirixirte ao Servizo de Normalización Lingüística para inscribirte no programa Apego e así recibir información sobre todas as actividades e recursos!

#### +info:

Servizo de Normalización Lingüística  
Concello de Carballo  
Pazo da Cultura 2.º andar  
981 704 304  
[nelvidal@carballo.gal](mailto:nelvidal@carballo.gal)  
[www.carballo.gal](http://www.carballo.gal)

[www.apego.gal](http://www.apego.gal)



# Decembro



*É o teu..., aínda non fala?  
É a túa..., aínda non anda?*

### Charla de Raquel Bello, psicóloga familiar de Espazo Oikos

**Xoves 1 de decembro**  
18.00 h | Pazo da Cultura

Charla para aprender a identificar as fases do desenvolvemento, ferramentas para manexar no crecemento das nenas e dos nenos ou sinais de alerta nese desenvolvemento. E tamén se falará da presión social, contextos familiares estimulantes ou convivencia entre o sistema escolar e familiar.

**Participación: pais e nais con nenos/as ata os 12 anos. Confirmación de asistencia no Servizo de Normalización Lingüística ou no enderezo electrónico [nelvidal@carballo.gal](mailto:nelvidal@carballo.gal).**




*De aquí para alá*

### Concerto infantil de Bolboreta

**Domingo 11 de decembro**  
18.00 h | Pazo da Cultura

A través de historias e música viaxaremos arredor do mundo aprendendo, escoitando, bailando e cantando as músicas de cada lugar, e cos instrumentos típicos de cada país. A ritmo de bossa-nova, rap, son cubano, reggae, ska..., faremos unha viaxe arredor do mundo na que pasaremos polo Brasil, Cuba, Xamaica, os Balcáns, Estados Unidos ou Galicia, entre outros lugares máxicos.

**Participación: público familiar con nenos/as de 1-8 anos. É necesario recoller convite, de balde, na Biblioteca Rego da Balsa, Ludoteca Municipal ou Servizo de Normalización Lingüística desde o 30 de novembro.**



### O rato ilustrador

Contacontos teatral de Trinketrinke

**Mércores 14 de decembro**  
17.00 h e 18.30 h  
(dúas sesións)  
Biblioteca Rego da Balsa

Fuco, de camiño á Biblioteca, atopou unha caixa de lapis. Resulta unha estraña casualidade, por xusto acaba de ler un conto titulado "Tomé e o lapis máxico"...

**Participación: máximo 60 nenos/as de 3-8 anos en cada unha das sesións, acompañados/as dunha persoa adulta. É necesario recoller convite, de balde, na Biblioteca Rego da Balsa desde o 7 de decembro.**



### Este queixo queixolán

Contacontos para bebés de Pavís Pavós

**Xoves 15 de decembro** | 17.00 h e 18.30 h  
(dúas sesións) | Pazo da Cultura

Este queixo queixolán, esta boca pide pan, ... Pasaremos unha estupenda tarde con contos e xogos para bebés.

**Participación: máximo 20 nenos/as de 0-3 anos en cada unha das sesións, acompañados/as de ata dúas persoas adultas. Inscripción previa no Servizo de Normalización Lingüística ou no enderezo electrónico [nelvidal@carballo.org](mailto:nelvidal@carballo.org) desde o 5 de decembro.**

# apego

Carballo 2016

Outubro  
Novembro  
Decembro



*Actividades para a socialización en galego da infancia*

